



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 29 DE OUTUBRO DE 2007

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.María Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dña. Teresa Perez Vieira
Dña.Laura Miguez Pérez

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

Na Casa Consistorial de Baiona, a vintenove de outubro de dous mil sete, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do día.

1.-APROBACION ACTA ANTERIOR.: Acta de 4 de outubro de 2007.

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros si teñen alegacións que facer á acta da derradeira sesión do día 4 de outubro.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Algúns concelleiros recibimos mal a acta, da páx.9 pasaba á páx.14; hoxe pola mañán eu chamei a Susana (Secretaria) e agora mesmo xa a temos ben, pero entendo que esta acta haberá que aprobála no próximo Pleno.

SR.ALCALDE.- Queda sobre a Mesa para que todos teñamos tempo de poder correxila.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións.



3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE REXIME ESPECIAL DE HORARIOS NO MUNICIPIO DE BAIONA.

A Presidencia cede a palabra a Sra. Ana Marcote, concelleira de Comercio.

SRA.MARCOTE, PP.- Se trata de someter a Pleno la propuesta de la modificación de horarios que establece la Ley de horarios comerciales para adaptarla al Concello de Baiona dado el carácter eminentemente turístico de nuestra Villa, puesto que la Ley permite que se establezca un régimen específico para Municipios que cuentan con gran afluencia turística como es el caso de nuestro Concello, calificado como Municipio de Excelencia Turística. Todo ello despues de haber sido remitida la propuesta a los diferentes organismos y asociaciones, como contempla la Ley, resultando que hemos recibido informe favorable de ACEBA y de la Asociación de Amas de Casa y Consumidores de Baiona "Rias Baixas", estando pendientes de recibir informes de las asociaciones y organismos implicados, visto lo cual se propone a este Pleno lo siguiente:

Primeiro.- Ratificar a proposta aprobada polo pleno de data 5 de xullo de 2007, é dicir- Fixar como horario comercial para os establecementos comerciais ós que non lles sexa de aplicación directa a liberdade horaria prevista no artigo 8 Lei 13/2006, do 27 de decembro o seguinte:

- Dende inicio da Semana Santa ata o 15 de outubro de cada ano, inclusive domingos e festivos, dende as 10:00 h ata as 2:00 h.

- Dende 16 de outubro de cada ano ata o inicio de período de Semana Santa, inclusive domingos e festivos dende as 8:00 h ata as 24:00 h.

Segundo.- Remitir o presente acordo a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para os efectos previstos no artigo 9 da Lei 13/2006.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Agradecer en primer lugar a disponibilidad tanto do Sr.Alcalde como dos voceiros municipais para que o Pleno Ordinario de novembro se celebre hoxe xa que foi a petición nosa que tiña que ser tanto o día 2 de novembro, vénres, ou ben o lúns; polo tanto moi agradecidos por esta situación.

Sobre o punto da Orde do Día que nos atañe agora, é dicir, fixar como horario comercial para os establecementos comerciais aos que non lle sexa de aplicación directa a liberdade horaria prevista no artigo 8 da Lei, eu quería comentar algúns aspectos desta Lei 13/2006, de 27 de decembro, onde por exemplo establece no artigo 2: "A presente Lei será de aplicación ás actividade comerciais de carácter minorista que se desenvolvan no ámbito territorial de Galicia"; o artigo 4 e 5 falan das limitacións a liberdade horaria onde establece que "os establecementos comerciais poderán desenvolver sua actividade cun máximo de 12 horas ó día, e de 72 horas á semana; a franxa horaria sera de 8 a 24 h., agás os días 24 e 31 de decembro que será ata as 8 da tarde"; e o artigo 5 fala dos domingos e días festivos que serán un máximo de oito ó ano.

O artigo 8, que é ó que se refire a proposta deste Pleno, establece os establecementos con liberdade horaria á que as limitacións dos artigos 4 e 5 non lle afectan, por exemplo fala de establecementos adicados a venda de produtos de pastelería, repostería, churrería, pan, platos combinados, etc., ós establecementos adicados principalmente á venda de combustibles e carburantes, ós establecementos comerciais ubicados en zonas de gran afluencia turística (que en base a este párrafo se fai esta proposta), ós establecementos comerciais ubicados nun entorno inmediato da celebración de ferias e mercados tradicionais, ós establecementos comerciais ubicados en locais ou recintos de afluencia turística como museos, monumentos, etc., ós establecementos comerciais ubicados en establecementos hoteleiros, e os establecementos comerciais que dispoñan dunha superficie útil para exposición e venda ó público de ata 150 m2., ésta foi a principal modificación legislativa desta Lei xa



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

que o seu obxectivo era limitar a liberdade horaria dos bazares chinos, onde antes puña 300 m2. o baixaron a 150 m2.

Quixera esperar quizá á miña segunda intervención xa que na Moción urxente que aprobamos no Pleno do 5 de xuño a argumentación do goberno municipal era sobre a importancia que tiña o comercio minorista na economía de Baiona, falaron do 57% da actividade que se realiza no sector servizos ocupando casi a metade de dita actividade o comercio polo miudo, falando da maioría de microempresas, e onde o 40% das ganancias de ditas actividades se referían ás vendas realizadas en domingos e festivos; o que pasa é que tendo en conta a Lei e tendo en conta a Moción urxente que aprobamos esta ratificación, eu quixera saber por parte do goberno municipal cal é o obxectivo desta solicitude á Consellería correspondente, xa que entendo, ou entendemos, que a absoluta totalidade do comercio en Baiona xa está protexido pola Lei 13/2006; eu creo que pensando rúa por rúa, incluso parroquia por parroquia, creo que só hai ún, ou como máximo 2 comercios, que están afectados, e penso que nos 14 anos anos que levo eu aquí ningún dos 2 abriu nin un domingo nin un festivo.

Polo tanto esperarei á miña segunda intervención por si o goberno municipal pode xustificarme exactamente cal é o obxectivo desta solicitude. Moitas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vamos a seguir coa mesma postura que tiñamos non só por coherencia senón por sentido común, e esperamos que a todo isto dende a Consellería de Industria e Comercio obren con sentido común e non permitan que un horario abusivo como é este, en perxuízo dos traballadores e dos minoristas do comercio de Baiona, pois sexa aplicado. Creemos que é un horario moi abusivo, e que non vai a acarrear ningún tipo de beneficios nin ó comercio nin ós veciños de Baiona. Polo tanto nós vamos a seguir votando en contra.

SR.VILAR, CMÑ.- Apoiamos esta Moción como membros do goberno municipal pero ademáis creemos, en contradicción co plantexado aquí polo portavoz do BNG, que Baiona ten que ser competitiva; e para ser competitiva ten que ter un horario comercial o máis flexible posible, por iso entendemos que calquer medida que se tome nese senso é favorecedora para os intereses económicos do comercio en Baiona; polo tanto non hai discusión e estamos a favor.

SRA.MARCOTE, PP.- Entendemos que si a Asociación máis importante de comerciantes de Baiona, como é ACEBA, vota a favor deste informe, é que estamos atendendo ás peticións do comercio. Ademáis de que o PSOE votou favorablemente a esta moción no seu día.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Eu persoalmente nesa época era directivo de ACEBA, en decembro do 2006, deixei o cargo en febreiro de 2007, estudiamos esta nova Lei e non afectaba a ninguén de todo o Municipio de Baiona, a ninguén, absolutamente a ninguén. Temos que ter en conta que cando se fai unha Moción urxente, ou cando se trae unha proposta ó Pleno, ten que ter contido e ten que ser para xestionar e gobernar; pero isto é xestión por xestión, e gobernar por gobernar, porque realmente a ningún comercio ou empresa de Baiona lle vai a afectar esta Lei; unicamente, pode ser, que quizá nos próximos 5 anos que é o límite de concesión sobre unha zona de gran afluencia turística, pois se funde ou se abra un comercio de máis de 150 metros, entón lle poderá afectar isto, pero a día de hoxe non lle afecta a ninguén.

Xa dixen antes que hoxe en día creo que lle afecta a unha soa empresa e dende logo nunca abriu un domingo ou festivo.

Ademáis, como marca a Lei no artigo 9, para que Baiona sexa unha zona de gran afluencia turística é precisa a proposta motivada do Concello directamente afectado e que ten que aprobarse por maioría absoluta do Pleno, que é esta circunstancia; pero ademáis, é obrigatorio que se acompañe un informe da Cámara de Comercio do ámbito territorial afectado, un informe da Asociación ou agrupación de comerciantes minoristas máis representativos do lugar, un informe da Asociación de Consumidores e usuarios máis representativos, e un informe das organizacións sindicais máis representativas da zona de influencia. Polo que temos na documentación, unicamente temos o informe da Asociación de Comerciantes máis representativa de Baiona, que é ACEBA, pero nada máis; polo tanto, a solicitude á



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Consellería correspondente, entendemos que non vai a prosperar, xa que, ou ten un informe de cada unha das asociacións e organismos que eu dixen, ou non poderá sair adiante; polo cal: vacío absoluto. Pero tampouco lle dixen antes o noso voto, e vou a explicar cal vai ser por coherencia, igual que o anterior do 5 de xullo, pero por razóns diferentes ás do goberno municipal; simplemente é porque o PSOE en Baiona vota pola ambición, polo desenrolo económico, e polo seu empuxe; polo tanto creo que esta iniciativa será positiva para que nunca se lle podan pechar as portas a ningún tipo de comercio independentemente da súa superficie aproveitando que sexa unha zona de gran afluencia turística; polo cal o noso voto vai a ser positivo. Moitas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estou completamente en desacordo en que para que Baiona medre siga tendo que aumentarse o horario comercial; máis ben pensamos que é ó contrario. Entendemos que un comerciante minorista que está xa feito a ter aberto o seu local, 8, 9, ou incluso 10 horas, veráse obrigado a contratar a dependentes, a traballadores alleos a esa empresa, e terá que facélo para poder así levar adiante a súa vida cotidián. Si temos en conta que estes minoristas, a veces, en moitas ocasións, están mantendo o negocio a duras penas, explíquenme como van a sacar rendimento das horas a máis para poder pagar un empregado; imposible.

Creo que para as grandes superficies sí é unha postura rentable, pero non para os minoristas, e neste Concello hai moito comerciante minorista. Por outro lado pensamos que as grandes superficies que poida haber en Baiona, nos coñecemos todos, e sabemos que os empregados que traballan nesas empresas traballan pola tarde, pola mañán, e agora coa súa proposta traballarían tamén pola noite. Polo tanto estamos en contra.

Sabemos que ACEBA sí presentou unha adhesión, pero tamén sabemos que está de Presidente de ACEBA. E tamén sabemos como funciona o PP neste Concello; polo tanto iso para nós non significa nada, absolutamente nada; de tal xeito que seguimos pensando que a cordura que existe na Consellería de Comercio e Industria non terá en conta a súa proposta. Moitas gracias.

SR.VILAR, CMÑ.- A mín preocupanme as palabras do portavoz do BNG, da a impresión de que son ameazas para exercer influencia na Xunta para ir contra os intereses de Baiona. Iso é realmente grave. Dende a nosa óptica creemos que a apertura do comercio xenera fluidez de xente a Baiona, incluso de Vigo cando está o comercio pechado; e que veñan aquí a comprar un fin de semana, incluso o domingo, é beneficioso para os restaurantes e para tódolo sector da hostelería; polo tanto eu non dudaría en que calquer medida que se tome para isto sexa positiva, e por favor esperemos que precisamente por cordura e tendo en conta a situación de Baiona, non teremos ningunha pega na Xunta de Galicia; esperemos que todo se aprobe e que todo vaia por bó camiño; eu así o espero.

SR.ALCALDE.- Creo que o Sr.Fernández confunde o que é a liberdade de horario coa esclavitude, son dous cousas diferentes; pero por un lado creo que é positivo porque entón, según as palabras do Sr.Fernández, a Consellería de Industria botará tamén abaixo o tema dos aeroxeneradores da Groba, como é razoable e lóxico e ser un tema co que estamos en contra; a Consellería vai facer tamén o que ten que facer, según o Sr.Fernández.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 14 votos a favor (8,PP, 5, PSOE, 1 CMÑ), fronte a 2 votos en contra,BNG.

E por isto que o Pleno, por maioría absoluta, acorda:

Primeiro.- Ratificar a proposta aprobada polo pleno de data 5 de xullo de 2007, é dicir- Fixar como horario comercial para os establecementos comerciais ós que non lles sexa de aplicación directa a liberdade horaria prevista no artigo 8 Lei 13/2006, do 27 de decembro o seguinte:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- Dende inicio da Semana Santa ata o 15 de outubro de cada ano, inclusive domingos e festivos, dende as 10:00 h ata as 2:00 h.

- Dende 16 de outubro de cada ano ata o inicio de período de Semana Santa, inclusive domingos e festivos dende as 8:00 h ata as 24:00 h.

Segundo.- Remitir o presente acordo a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para os efectos previstos no artigo 9 da Lei 13/2006.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE “DIA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.

A Presidencia cede a palabra a Sra. Angeles Silva, Concelleira de Servizos Sociais, quen procede á lectura da seguinte PROPOSTA DE DECLARACION INSTITUCIONAL:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE “DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”

Nacións Unidas declarou o 25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de Xénero, unha data que representa unha repulsa a nivel mundial contra calquera forma de violencia que sufran as mulleres só polo feito de selo.

A violencia contra as mulleres é unha intolerable violación dos dereitos humanos, e probablemente, a manifestación máis grave da discriminación que sofren as mulleres nos diferentes ámbitos da vida. É unha realidade universal que traspasa fronteiras, culturas e clases sociais.

Esta violencia constitúe un ataque frontal ás bases de calquera sociedade, e mina a integridade colectiva e individual das persoas que a compoñen.

O problema da violencia e a discriminación contra as mulleres é un fenómeno estrutural e multidimensional, e a súa eliminación require da implicación de todos os poderes públicos, e de toda a sociedade no seu conxunto.

Nos últimos tempos assistimos a un proceso de visibilización social do problema, incrementándose ademais de forma notable o compromiso político, social e institucional ante este tema: A Lei orgánica de medidas integrais contra a violencia de xénero, e a Lei



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero nos dotan de mellores instrumentos para loitar pola súa erradicación.

Según datos do Instituto da Muller a 18 de outubro, este ano morreron en España a mans dos seus maridos ou exparellas 59 mulleres. O número de denuncias por malos tratos a mulleres contabilizados ata agosto do 2007 é de 42.499.

Na nosa comunidade autónoma, según datos do Servizo Galego de Igualdade a cifra de mulleres mortas ata o 7 de agosto deste ano ascende a 5, e as denuncias contabilizadas ata o 31 de agosto a 2.198, e dende o punto de coordinación das ordes de protección de Galicia, na nosa comunidade autónoma a 30 de setembro deste ano existían 2.248 ordes de protección vixentes.

No noso municipio, no que vai de ano realizaróñse 15 denuncias por violencia de xénero, e na actualidade hai vixentes 9 ordes de protección. No Centro de Información á Muller municipal realizáronse este ano 112 consultas sobre malos tratos, e xestionáronse 6 servizos de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de violencia.

Estos datos veñen a confirmar unha vez máis que a violencia contra as mulleres ten as súas raíces inequívocamente asentada nunha sociedade desigual e discriminatoria, e que segue a ser un problema de primeiro orden.

A administración local xoga un papel esencial tanto na prevención da violencia contra as mulleres como na atención e apoio ás vítimas, na medida en que o municipio é o espazo no que se materializa esta violencia.

A administración local é a máis cercana a este problema social que é unha das responsabilidades de quenés asumimos a representación política, e o Concello de Baiona, nesta data simbólica 25 de Novembro e neste ano 2007, Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para todas as persoas, quere deixar constancia do seu compromiso e vontade no fomento da igualdade de oportunidades e na erradicación da violencia de de xénero.

Por isto, propoñemos:

- Suscribir a presente declaración***
- Impulsar dende o ámbito local políticas activas a favor da igualdade e contra a violencia de xénero***



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- **Fomentar iniciativas que teñan como obxectivo erradicar a violencia de xénero**
- **Manifestar a nosa enérxica condena ante calquera acto que atente contra a dignidade da muller**
- **Defender unha sociedade xusta e igualitaria na que mulleres e homes poidamos participar equilibradamente en todos os ámbitos sociais, políticos e culturais da nosa sociedade.**

En definitiva, COMPROMETERSE a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social.

SR.LORES, PSOE.- Dende o grupo socialista vamos apoiar totalmente esta iniciativa; felicitar tamén ós servizos técnicos da Concellalía e á propia concelleira por esta iniciativa de traer ó Pleno un manifesto que poña en valor non digo xa as políticas que a nivel de Estado se están a levar a favor da igualdade e en contra da violencia de xénero, senón tamén nas distintas Administracións autonómicas, tanto duns grupos políticos como doutros. Dende o grupo municipal socialista vamos a apoiar e a defender todas aquelas iniciativas que no ámbito local vaian dirixidas a impulsar a igualdade dos homes e mulleres no Concello, e tamén vamos a potenciar e apoiar todas aquelas iniciativas que vaian para a prevención da violencia de xénero no Concello de Baiona.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Dende o noso grupo vamos facer unha proposta: o próximo Pleno sería o 6 de decembro, é festivo, entón hai que facer como agora, ou adiantalo ou retrasalo, por iso pensamos que esta moción debería ser conxunta de tódolos grupos; pedimos en principio que quede sobre a Mesa e que se fixera o Pleno de decembro antes do día 25 para poder traer esta Moción conxunta.

SR.ALCALDE.- Si se truxo precisamente a este Pleno e á Comisión Informativa foi precisamente por t ela preparada xa; outros anos non deu tempo por diferentes circunstancias; o que se aproba neste Pleno é unha declaración institucional técnica e non política, entendemos que non ten moito sentido retrasala e facer logo un Pleno extraordinario para levar este tema.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Non estamos pedindo un Pleno extraordinario; estamos pedindo que o Pleno ordinario de decembro se adiante, nada máis, ou se ten que adiantar ou se ten que retrasar porque pasa o mesmo que neste Pleno de hoxe; é a nosa proposta.

SR.ALCALDE.- O tema non é adiantar ou retrasar o Pleno; o tema é ¿cál é o problema para non aprobar hoxe este manifesto?. Si é un problema do texto, por erros no mesmo ou porque se quer engadir algo, podemos discutilo senón é correcto; pero a oportunidade é aprobalo hoxe por estar preparado, outra cousa é que non houbera ningún documento. Se entende que si sae aprobado no Pleno de hoxe é por tódolos grupos políticos, non é cuestión de ningún grupo político; é de todos, e queremos estar unidos porque entendemos que é unha concienciación social de algo que está ahí presente e creo que estamos todos unidos para acabar con elo. O final o que se quer expresar é algo de todos; non entendo cal é a razón para non aprobalo hoxe, non sei que pode variar a nivel do texto aprobalo hoxe ou dentro de 20 días, hai que ter en conta que tería que ser antes do día 25, tería que ser en un par de semanas; non vexo o motivo de retrasalo, non lle vexo o razoamento. O tema é "Declaración institucional", e firma ó final a Secretaria Municipal; está claro que non hai utilización por parte de nadie, non ten ningunha connotación especial.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Eu non dixen que estiveramos en contra desta Moción, ó contrario, estamos totalmente a favor; o que queríamos era que esta moción fora conxunta.
Fago outra proposta: adherirnos nós a esta Moción.

SR.ALCALDE.- Ben, podemos engadir ó final: “En definitiva, a Corporación de Baiona COMPROMETESE a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social”.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Estamos totalmente dacordo.

SR.VILAR, CMÑ.- A min paréceme que a estas alturas, cando este Concello leva feito non sei cantas declaracións institucionais a este respecto, que poñamos en duda si é isto, si é o outro, pois a verdade é que non sei a que ven cando xa todos sabemos cal é a nosa postura e a nosa traxectoria. Da igual que sexa do goberno, ou que sexa doutros grupos, porque ó final votar a favor significa que todos estamos dacordo.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación a presente Proposta resultando aprobada por unanimidade.

E polo que, o Pleno, por unanimidade, acorda:

- Suscribir a presente declaración
- Impulsar dende o ámbito local políticas activas a favor da igualdade e contra a violencia de xénero
- Fomentar iniciativas que teñan como obxectivo erradicar a violencia de xénero
- Manifestar a nosa enérxica condena ante calquera acto que atente contra a dignidade da muller
- Defender unha sociedade xusta e igualitaria na que mulleres e homes poidamos participar equilibradamente en todos os ámbitos sociais, políticos e culturais da nosa sociedade.

En definitiva, A CORPORACION MUNICIPAL COMPROMETESE a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións e administracións de forma coordinada para erradicar esta lacra social.

5.-MOCIONS.

5.1.- MOCION DO PSOE.-

SR.LORES.- Traemos esta Moción que xa presentamos por urxencia no último Pleno e tamén a presentamos para que fora incluída na Orde do Día deste Pleno na Comisión Informativa e nos dous casos foi rexeitada a súa incorporación, polo tanto presentamola agora con carácter de urxencia. Como no último Pleno se acordou modificar o PERI IV e abrir un vial diante do Colexio de Covaterreña, nós pedimos que se convoque urxentemente e de forma inmediata o Consello Escolar



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Municipal para dar conta deste acordo e como esta modificación está agora en período de alegacións e exposición ó público, que se lle informe das posibilidades de presentar alegacións. A Urgencia é debido a que está durante un mes aberto ese prazo de alegacións e de exposición ó público, e volvemos a pedir esta urgencia que ven xustificada polo propio procedemento administrativo.

SR.ALCALDE.- Quero explicar que o feito de non entrar na Orde do Día do Pleno é porque xa se iniciou o que é a constitución; o que pasa é que non se pode facer, tal como indica a Moción, unha reunión inmediata, senón que ten que ser un proceso constitutivo ó pasar un tempo determinado, a señora Secretaria o pode explicar, se iniciou o que é o trámite de constitución e lóxicamente logo habrá reunión do Consello Municipal; de todas formas, independentemente, foi tramitado á Consellería de Educación; o Consello de Covaterreña pode tamén reunirse porque non ten os trámites que ten o Consello Municipal, e lóxicamente o propio Concello pode levar os técnicos municipais para que poidan informar do que é a modificación, dos trámites de alegacións e demais. Por iso non está incluído, porque entendemos que como xa está iniciado o trámite non ten moito sentido presentar a Moción.

SRA.SECRETARIA.- A petición del gobierno se examinó el expediente y se vió que en el 2004 se constituyó el Consello Escolar, se aprobó un Reglamento, pero se aprobó en el Consello Escolar cuando el órgano competente es el Pleno, de forma que se procede a la aplicación directa de la ley. En virtud de lo legalmente establecido se requirió a a los colegios y las AMPAS para que se nombre o ratifique los profesores integrantes del Consejo Escolar Municipal y se procede a iniciar el expediente de constitución de la mesa electoral para la elección de los representantes de los alumnos del Ciclo Superior de la E.S.O. en el Consejo Municipal de acuerdo con el procedimiento que determina la Ley 3/86.

SRA.PEREZ VIEIRA, PSOE.- Posiblemente agora xa non estén eses alumnos, habería que pedir que se renoven eses alumnos, pero o tramite está completo e constituíuse.

SRA.SECRETARIA.- La Ley dice que para las elecciones de representantes de alumnos en el Consejo Escolar Municipal, se constituye una mesa electoral compuesta por un representante del Ayuntamiento, un profesor, un maestro y un alumno elegido por sorteo.

SRA.PEREZ VIEIRA, PSOE.- Hai que renovar.

SR.ALCALDE.- Hai un tema que é que cada 2 anos hai que renovalos, igual que ten que vir a Pleno os 7 membros para sua aprobación, recordar tamén que tampouco os concelleiros son os mesmos, nalgún caso, hai concelleiros novos e por tanto hai que constituir un novo Consello Municipal. De todas formas, o problema que hai agora é que ese último Consello non é legal, non é representativo, por tanto hai que facer doutro forma. De todas formas si o Consello de Covaterreña quere, está aberta tanto a Concellería de urbanismo, como os técnicos municipais, para poder explicar e informar sobre o que é a modificación e as alegacións presentes. Por iso procedemos a vota-la urgencia aínda que o tema é que legalmente non se podía incluír desa forma que eles dicen.

Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urgencia da Moción, resulta: 7 votos a favor (5,PSOE, 2,BNG), producíndose 9 abstencións (8,PP, 1,CMÑ), polo cal non se acada a maioría absoluta para aprobar dita Urgencia.

5.2.- MOCION DO PSOE.-

SR.LORES.- Esta Moción a presentamos por urgencia na Comisión Informativa para que se incluíra na Orde do Día deste Pleno e ten que ver co mantemento das partidas de gasto en Educación; indudablemente os Orzamentos aínda non se elaboraron pero a urgencia ven dada



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

porque entendemos que neste momento o goberno debe estar preparando os Orzamentos do próximo exercicio e queremos que se inclúan, que se manteñan, tódolos gastos destinados na partida municipal para o gasoleo que a partir de agora vai asumir a Consellería de Educación. Entendemos que esta partida, que creo que nestes orzamentos era de 20.000 euros, deben continuar na mesma partida para contribuir á mellora do ensino público en Baiona; a Urxencia ven dada por isto: porque entendemos que o goberno está preparando os Orzamentos do próximo exercicio e pedimos, e por iso traemos este asunto agora ó Pleno, que se acorde mantér integramente esa partida de gastos nos próximos Orzamentos, en Educación.

SR.ALCALDE.- Digolle o mesmo que no punto anterior: este asunto non se presenta na Orde de Día porque como vostede mesmo dí esto coincide coa discusión dos presupostos que será nun Pleno posterior e lóxicamente ahí é onde se discutirá; de tódolos xeitos, nunca Educación terá menos presuposto que o ano anterior, sempre vai crescendo, polo cal non haberá problema ningún sobre este tema.

Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urxencia da Moción, resulta: 7 votos a favor (5,PSOE, 2,BNG), producíndose 9 abstencións (8,PP, 1,CMÑ), polo cal non se acada a maioría absoluta para aprobar dita Urxencia.

6.-ROGOS E PREGUNTAS.
ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:

1º.- Este ROGO ven dado por unha situación que nestes momentos está a sufrir unha Asociación, unha ONG, que é Mundo Necesitado, que por razóns do inicio das obras tivo que ser desaloxada da Casa Carvajal e agora se atopa nun local privado. ROGARIA ó Goberno municipal un pouco de consideración con esta Asociación, igual que coas outras, pero neste caso está a desenvolver dende fai anos un papel social moi importante en Baiona como é o reparto de alimentos con atención ás persoas máis necesitadas. Polo tanto ROGARIAMOS ó Goberno que axilizara no posible unha nova ubicación para esta Asociación; e xa digo que non é que as outras sexan nin menos nin máis, simplemente que esta desenvolve unha labor social importante en Baiona, que así en pouco tempo poida ter unha ubicación para seguir desenvolvendo o seu traballo.

SR.ALCALDE.- Precisamente o lugar onde se ubicaba era un sitio posiblemente inadecuado e por iso se vai facer unha rehabilitación dese edificio, e coincide con que hai obras en varios edificios municipais, para mellorar as condicións; neste momento o espacio que lle pudimos ofrecer non era tal vez o que poideran considerar un bó espacio, e entendemos que poideran atopar outro mellor.

2º.- Isto ten que ver coa inclusión dos puntos na Orde do Día; eu quería comentarlle, recordarlle ó Alcalde, que o Pleno da Corporación somos 17 concelleiros e que unha cousa é aprobar, ou non aprobar, unha Moción, e outra cousa é permitir que neste Pleno se fale de todo; sistemáticamente se impide que os grupos da oposición presenten Mocións aquí no Pleno para discutir, xa non digo para aprobar porque as maiorías son as que son, pero polo menos para que se discutan e se debatan, pois esa é a maneira democrática de estar no goberno; calar sistemáticamente estas voces pois é calar unha representación importante dos veciños de Baiona. Polo tanto entendemos que, aínda que sexa legal polo procedemento, as prácticas democráticas hai que axilízalas, sería importante. Tampouco entendemos porque por parte do goberno se neguen sempre a falar; dá a impresión de que teñen medo, que non teñen argumentos para discutir as distintas mocións que poden vir. Nós invitamos ó goberno a que, polo procedemento ordinario que sexa de presentación, nas Comisións Informativas se inclúan os distintos puntos a discutir no Pleno e que non sexa unha discusión única e una presentación única da maioría do goberno; creo que o Pleno é o Pleno e que o goberno é o goberno e aquí deberíamos debatir e falar tódalas voces que representamos a Baiona. Moitas grazas.



EXCMO. CONCELO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Repetirille o que lle comentei antes, no tema do Consello Escolar Municipal poderíamos chegar a discutir e votar algo que legalmente non podemos facer, por tanto nós iniciamos o que ten que ser que é a renovación do Consello; pero é que o que pediades na Moción non era tratable, non era legalmente aceptable. A Moción dos Presupostos é unha moción da que non toca falar hoxe; eu invítolle a que sin ningún problema se meta como alegación dentro da discusión de Presupostos, iso é perfectamente factible.

ROGOS DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

1º.- ROGAMOS se teñan en conta as Mocións de tódolos grupos políticos presentadas en tempo e forma e se inclúan na Orde do Día simplemente por transparencia política, Sr.Alcalde; vostede é arte e parte e non pode decidir cales interesan e cales non e seguir decindo que é un Alcalde democrático.

PREGUNTAS DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

1º.-¿Porqué motivo están paradas as obras do río Groba no seu desdoblamento en Sabarís?.

SR.ALCALDE.- Estou convencido de que vostede non traballou o fin de semana, pero os que estivemos en Sabarís vimos que non descansaron os traballadores no río Groba, traballaron todo o fin de semana, ao mellor vostede estivo na praia pero eles non.

SR.FERNANDEZ.- Estiven traballando tamén pero non na praia, pero hoxe pola mañán as obras están paradas.

2º.- ¿Existe algún acordo, permiso, ou licenza, para colocar unha pasarela metálica no río Groba para comunicar as parcelas do Caramiñal coas da outra ribeira do río?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno e seguramente faremos chegar a pregunta a Augas de Galicia.

3º.- ¿Existe algún acordo, permiso, ou licenza, para rechear a finca do Caramiñal?.

SR.ALCALDE.- Transmitiremos a pregunta a Augas de Galicia.

SR.FERNANDEZ.- Iso é competencia do Concello.

4º.- ¿Existe algún acordo asinado, ou sen asinar, co propietario da finca do Caramiñal, en Sabarís, o Sr.Javier Cendón, para levar a cabo as obras do desdoblamento do río Groba, pola súa finca?.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as dezaseis horas e dez minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.